

CERTAME DE CONTOS DE NADAL

CONCELLO DE ROIS 2020



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

OBXECTIVOS

O **Certame de contos do Nadal** nace desde o traballo das bibliotecas escolares en colaboración coa biblioteca pública municipal de Rois. O concurso ten por obxectivo fomentar a imaxinación e a creación literaria do alumnado dos centros educativos de Rois, co ánimo de crear un espírito de Nadal nestas datas tan importantes para a nosa sociedade.

PARTICIPACIÓN

Poderá participar no concurso todo o alumnado dos centros educativos do concello de Rois, en calquera das seguintes modalidades:

- Narración escrita. Texto escrito e entregado en papel ou por correo electrónico.
- Narración oral. Arquivo sonoro ou audiovisual coa gravación oral do texto.

O alumnado presentará o texto en galego e deberá ser orixinal e inédito. O texto deberá ter como temática o Nadal.

Permítese a presentación de traballos en grupo.

PRESENTACIÓN

Os traballos candidatos achegarán unha folla cos seguintes datos: nome e apelidos, centro educativo, curso escolar (p. ex. 1º de educación primaria) e un teléfono de contacto do/a concursante ou grupo.

Os traballos en papel serán entregados nos propios centros educativos (A Galiña Azul, CPI dos Dices-Rois e CEIP do Pumar-Urdilde).

O alumnado do CEIP O Pumar-Urdilde poderá enviar os traballos dixitais por whatsapp ao teléfono do centro educativo: 604082824.

O resto dos traballos dixitais entregaranse no enderezo electrónico cultura@rois.es ou por whatsapp no teléfono do Concello de Rois: 650485787.

O prazo de presentación finaliza o **martes 15 de decembro (incluído)**, día en que se recollerán os traballos nos centros educativos.

PREMIOS

Entregaranse os seguintes premios:

- 1 premio para o alumnado 1º a 3º de educación infantil.
- 1 premio para o alumnado de 4º a 6º de educación infantil.
- 1 premio para o alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
- 1 premio para o alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
- 1 premio para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria.
- 1 premio para o alumnado de 1º e 2º da ESO.
- 1 premio para o alumnado de 3º e 4º da ESO.

O resto dos/as participantes recibirán un diploma acreditativo.

OBSERVACIÓNS

A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases e da resolución do xurado.

XURADO

O xurado estará composto por mínimo tres persoas dos seguintes colectivos: un/unha representante do persoal municipal, un/unha representante do profesorado dalgún dos centros educativos e un/unha representante das Anpas municipais.

CONDICIÓNS

O Concello de Rois resérvase todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión dos traballos premiados. Os orixinais serán devoltos aos centros educativos.